

DEPARTAMENTO DE CC SS XEOGRAFÍA E HISTORIA

ADDENDA A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:
ADAPTACIÓN AO ENSINO TELEMÁTICO NO
CONTEXTO COVID
CURSO 2021-22



ÍNDICE

Temporalización.....	3
Obxectivos desta adaptación.....	3
Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	3
Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	3
Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	3
Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.....	4
Sistemas de avaliación deseñados para o ensino non presencial. (Grupos completos).....	4
Revisión do desenvolvemento da addenda.....	4

Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2021-22. As adaptacións relativas ao ensino non presencial terán unha vixencia de todo o curso e implementaranse no caso de ser necesarias ante a ausencia as actividades lectivas presenciais de un ou máis alumnos, un grupo completo ou todo o centro.

Obxectivos desta adaptación.

- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

No caso de alumnado en corentena, sempre que non se trate de grupos non completos, chegarse diariamente ao alumnado que non asista ao centro as tarefas que se leven a cabo na aula. Os instrumentos que se empregarán son o correo electrónico e a aula virtual do centro.

Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

No caso de suspensión das clases presenciais dun grupo completo ou todo o centro o desenvolvemento da actividade lectiva farase telemáticamente a través da aula virtual do centro, correo electrónico e, de ser posible, mediante videoconferencias con Cisco Webex.

Deste xeito, durante as primeiras semanas de clase se habilitaran todas as aulas virtuais de todos os niveis e se fará a matrícula do alumnado.

A metodoloxía será activa e terá en conta as circunstancias e particularidades individuais do alumnado, favorecendo a súa autonomía, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e prestando especial atención ás súas necesidades. Tamén se contémpla a posibilidade do desenvolvemento do ensino non presencial mediante a realización dun proxecto educativo.

Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial. (Grupos completos)

Os procedementos de avaliación para o ensino non presencial serán o máis variados posibles. Entre eles destacaremos a observación diaria do traballo do alumnado e a súa conexión as clases virtuais, a revisión de tarefas e a realización de probas escritas on-line.

Prestarase especial atención a orixinalidade das tarefas realizadas e entregadas polo alumnado, xa que estas deben tratarse sempre de producións propias libres de toda dúbida de plaxio ou copia.

Entre os instrumentos de avaliación destacaremos: follas de rexistro, listas de control, rexistros anecdóticos e portafolio das producións realizadas polo alumnado. Tamén contarán cun peso determinado as probas escritas on-line.

Sistemas de avaliación deseñados para o ensino non presencial. (Grupos completos)

Os sistemas de avaliación serán os mesmos que no ensino presencial, porén modificarase a porcentaxe de cada actividade para o cálculo da nota de cada avaliación. Calcularase a nota segundo o seguinte sistema:

Actividades realizadas polo alumnado 40% da nota

Probas escritas on-line 60% da nota

En todo caso prestarase especial atención a orixinalidade das tarefas realizadas e entregadas polo alumnado, xa que estas deben tratarse sempre de producións propias, libres de toda dúbida de plaxio ou copia.

Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

Reunido o departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do CPI Plurilingüe Virxe do Monte acorda aprobar a addenda á programación da materia de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia para o curso 2021-2022

Cospeito, setembro de 2021



Asdo.: Eduardo Fernández Fernández

Xefe do departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia